




INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA

Axudas Igape 2026






COMO SOLICITO AS AXUDAS?

spiga-sede.igape.es



Todas as infografías, na web do Igape






INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA



FINANCIAMENTO

- ❑ IG408B - PRÉSTAMOS DIRECTOS
- ❑ IG257 (IG535A) - ACCESO AO CRÉDITO DAS PEMES
- ❑ IG534D - NOVACIÓNS DE DÉBEDAS CO IGAPE
- ❑ IG408J - PRÉSTAMOS PARCIALMENTE REEMBOLSABLES



» IG408B PRÉSTAMOS DIRECTOS PARA O FINANCIAMENTO EMPRESARIAL

Concorrenza non competitiva



Prazo de presentación:


Do **26 de xaneiro** ás **9.00 h**
ata o **1 de decembro** ás **14.00 h**

**Orzamento
62.500.000 €**





»» IG408B PRÉSTAMOS DIRECTOS



FINANCIAMENTO

»» PARA QUEN?

- ✓ Pemes e grandes empresas que desenvolvan unha iniciativa empresarial nun centro de traballo en Galicia.

»» QUE OFRECE?

- ✓ Préstamos para proxectos de investimento
- ✓ Préstamos para a concentración empresarial e sucesión de empresas
- ✓ Préstamos para proxectos de desenvolvemento tecnolóxico e innovación
- ✓ Préstamos para financiamento operativo

»» AXUDA DO IGAPE


Axuda implícita:

- ✓ Bonificación de ata **5 puntos porcentuais do tipo de xuro** das operacións.
- ✓ O tipo resultante **non poderá ser inferior ao 0%.**





» IG408B PRÉSTAMOS DIRECTOS



FINANCIAMENTO


» CARACTERÍSTICAS DOS PRÉSTAMOS

PRÉSTAMOS PARA PROXECTOS DE INVESTIMENTO

- » Financiamento de proxectos de **novos investimentos, ampliación da capacidade produtiva e/ou mellora de instalacións existentes**
- » **Investimento mínimo: 1.000.000 €**
- » **Excepcións:**
 - Financiamento de compra de maquinaria en empresas do sector da industria manufactureira: 400.000 €
 - Sector da pesca marítima, que realicen investimentos orientados ao cambio de artes de pesca: 135.000 €
 - Investimentos relacionados coa implantación exterior: 135.000 €
- » Con carácter xeral, o **importe mínimo do préstamo será de 750.000 €** e un **límite máximo de 5.000.000 €**. En ningún caso superará o 75 % do custo do proxecto financiable.
- » O investimento financiable **poderá incluír o incremento de capital corrente** necesario para a actividade.
- » **Prazo: ata 12 anos**, coa carencia que requira o proxecto (excepcionalmente poderá ter unha duración de 15 anos).



» IG408B PRÉSTAMOS DIRECTOS



FINANCIAMENTO


» CARACTERÍSTICAS DOS PRÉSTAMOS

PRÉSTAMOS PARA A CONCENTRACIÓN DE EMPRESAS

- » Apoiar financeiramente a concentración e sucesión de empresas, a adquisición de unidades produtivas, o traslado de unidades produtivas a Galicia para favorecer a concentración de actividades, e a absorción de empresas para mellorar a competitividade.
- » **Custo financiable mínimo: 100.000 €**
 - Adquisición de participacións ou accións de sociedades con centros de traballo en Galicia, co obxecto de proceder a unha operación societaria de fusión ou nun proceso de sucesión de empresa.
 - Adquisición de unidades produtivas ubicadas en Galicia.
 - Traslado de unidades produtivas propiedade da titular a centros de traballo ubicados en Galicia.
 - Toma de participación en clientes da titular mediante capitalización de débedas
- » **O importe mínimo do préstamo será de 75.000€ e o máximo de 5.000.000 €.** En ningún caso superará o 75 % do custo da actuación financiable.
- » **Prazo: ata 12 anos,** e ata 4 anos de carencia na amortización de principal.



» IG408B PRÉSTAMOS DIRECTOS



FINANCIAMENTO


» CARACTERÍSTICAS DOS PRÉSTAMOS

PRÉSTAMOS PARA PROXECTOS DE DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO E INNOVACIÓN

- » Apoiar financeiramente **proxectos de desenvolvemento tecnolóxico e innovación** das empresas en Galicia.
- » **Custo financiable mínimo: 75.000 €**
- » **Proxectos financiáveis:** os que se atopen nalgún dos seguintes TRL referidos ao nivel de madurez dunha tecnoloxía:
 - TRL5: validación de compoñentes e/ou disposición destes nunha contorna relevante.
 - TRL6: modelo de sistema ou subsistema ou demostración de prototipo en contorna relevante.
 - TRL7: demostración de sistema ou prototipo nunha contorna real.
 - TRL8: sistema completo e certificado a través de probas e demostracións.
 - TRL9: sistema probado e validado no mercado.
- » O **importe mínimo** do préstamo será de **75.000 €** e o **máximo** de **1.500.000 €**. En ningún caso superará o 100 % do custo da actuación financiable.
- » **Prazo: ata 12 anos**, e ata 4 anos de carencia na amortización de principal.



» IG408B PRÉSTAMOS DIRECTOS



FINANCIAMENTO

» CARACTERÍSTICAS DOS PRÉSTAMOS

PRÉSTAMOS PARA O FINANCIAMENTO OPERATIVO


» Apoiar financeiramente o crecemento do **capital circulante estrutural**, mediante préstamos a longo prazo destinados a financiar gastos correntes, nos seguintes supostos:

- **A.1.** Empresas da **industria manufactureira** naquelas situacións nas que ademais do novo financiamento se manifeste a necesidade de afrontar coas entidades financeiras a prestamización de operacións de circulante, reestruturación de pasivos aos fluxos de efectivo xerados polas operacións da empresa.
- **A.2.** Empresas do **sector da pesca, acuicultura, así como da transformación e comercialización de produtos** destes sectores, mediante a concesión de préstamos para financiar capital circulante, cando acrediten a necesidade de incrementar o seu fondo de manobra e a capacidade de reembolsar o seu endebedamento mediante un plan financeiro.
- **A.3.** Empresas que desenvolven actividades no sector da **construción naval**, tanto auxiliares coma estaleiros, para permitirllas dispoñer dun fondo de manobra suficiente para a súa actividade.
- **A.4.** Centros tecnolóxicos, asociacións empresariais, fundacións e **entidades que desenvolvan actividades económicas, actividades de I+D ou presten servizos de interese** para o tecido empresarial galego.

» **Importe** para os supostos encadrados nos puntos:

- **A.1. e A.2.:** Mínimo de 300.000 € e máximo de 1.000.000 €
- **A.3.:** Mínimo de 300.000 € e máximo de 2.000.000 €
- **A.4.:** Mínimo de 75.000 € e máximo de 1.500.000 €

» **Prazo: ata 8 anos**, incluíndo unha carencia adaptada ao plan financeiro.



» IG257 (IG535A) ACCESO AO CRÉDITO DAS PEMES

Colaboración EEFF/SGR

Concorrenca non competitiva




Prazo de presentación:

Do **26 de xaneiro** ás **9.00 h**
ata o **30 de setembro** ás **14.00 h**

**Orzamento
19.000.000 €**





» IG257 (IG535A) ACCESO AO CRÉDITO DAS PEMES

Colaboración EEFF/SGR | Préstamos para investimentos e circulante · Garantías

» PARA QUEN?

- ✓ Persoas autónomas.
- ✓ Pequenas e medianas empresas

» CARACTERÍSTICAS

REAVAL CRECEMENTO

» QUE OFRECE?

- ✓ Préstamos avalados para **investimentos produtivos e/ou circulante estrutural**
- ✓ Os préstamos tamén **poderán destinarse ao pagamento ou reestruturación de débedas**

» CONDICIÓN XERAIS DAS OPERACIÓNS:

Importe do préstamo _____ entre 3.000 e 1.000.000 €
Prazo _____ de 3 a 15 anos (carencia máximo 2 anos)
Tipo de xuro _____ Fixo/variable: máximo IRS/Euríbor+1,80 puntos
Comisión aval SGR _____ máximo 1,25 % anual

AXUDA DO IGAPE

- ✓ Bonificación do tipo de xuro de ata 1,80 puntos dos 3 primeiros anos da operación
- ✓ Bonificación da comisión do aval de ata 1,25 puntos dos 3 primeiros anos da operación
- ✓ Reaval de ata o 25 % do aval da SGR

REAVAL GARANTÍAS

» QUE OFRECE?


- ✓ Favorecer a capacidade das pemes para **outorgar garantías fronte a terceiros:**
 - Avais derivados de contratos comerciais
 - Avais técnicos
 - Avais para licitacións internacionais

» CONDICIÓN XERAIS DAS OPERACIÓNS:

Importe do préstamo _____ entre 3.000 e 1.000.000 €
Prazo _____ 1 ano
Comisión aval SGR _____ máximo 1,25 % anual

AXUDA DO IGAPE

- ✓ Bonificación da comisión do aval de ata 1,25 puntos dos 3 primeiros anos da operación
- ✓ Reaval de ata o 25 % do aval da SGR



» IG534D NOVACIÓNS DE DÉBEDAS CO IGAPE

Concorrenca non competitiva



Prazo de presentación:

Do **26 de xaneiro** ás **9.00 h**
ata o **30 de setembro** ás **14.00 h**

**Orzamento
4.000.000 €**





» IG534D NOVACIÓNS DE DÉBEDAS CO IGAPE

» MODALIDADES DAS NOVACIÓNS

1. Modificativa e, se é o caso, extintiva, dos préstamos en vigor.
2. Extintiva dos préstamos vencidos, supón a formalización dunha nova operación.

» PARA QUEN?

1. Titulares de:

- ✓ Débedas vivas por préstamos en vigor, que presenten dificultades de liquidez.
- ✓ Débedas derivadas da falta de pagamento de préstamos vencidos.
- ✓ Bens que garantan débedas vencidas, e pretendan facer fronte ao reembolso das débedas para evitar a perda do ben.


2. Fiadores de préstamos con **débedas vencidas**.

» CONDICIÓNNS DAS OPERACIÓNNS


Prazo de amortización:


- No caso das **novacións modificativas**, a vixencia dos préstamos pode ampliarse **ata un máximo de 25 anos**.
- Nas **novacións extintivas**, **dentro dos 25 anos**, os prazos e cadros de amortización axustaranse á capacidade financeira dos titulares.

Contías financeiros: o total das cantidades debidas podendo incluír os xuros e demais conceptos devindicados ata a data de formalización.



FINANCIAMENTO





» IG408J PRÉSTAMOS PARCIALMENTE REEMBOLSABLES

Concorrenca non competitiva



Prazo de presentación:


Do **9 de febreiro** ás **9.00 h**
ata o **11 de maio** ás **14.00 h**

**Orzamento
22.000.000 €**





» IG408J PRÉSTAMOS PARCIALMENTE REEMBOLSABLES



FINANCIAMENTO

» QUE OFRECE?

Préstamos parcialmente reembolsables para para financiar investimentos para a creación de novos establecementos, a ampliación da capacidade dos existentes ou melloras para a diversificación da produción.

» PARA QUEN?

- ✓ Pequenas e medianas empresas da provincia de A Coruña
- ✓ Que teñan previsto realizar un investimento mínimo de 60.000 euros
- ✓ Que manteñan o emprego e creen polo menos 1 posto de traballo


» CARACTERÍSTICAS DOS PRÉSTAMOS


O PRÉSTAMO NON SUPERARÁ O 70% DO INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE

Combina nunha mesma operación, subvención e préstamo directo que poderá ser parcialmente reembolsable, correspondéndose o tramo non reembolsable coa axuda concedida.

Prazo ata **15 anos**

Carencia: igual ao prazo de execución do proxecto máis un ano





»» IG408J PRÉSTAMOS PARCIALMENTE REEMBOLSABLES

»» AXUDA DO IGAPE

Coincide co tramo non reembolsable do préstamo.

35% pequenas empresas e microempresas

25% medianas empresas

»» PRAZO DE EXECUCIÓN

Desde a data de solicitude ata a data establecida na resolución de concesión.

O prazo para solicitar a disposición dos fondos dos préstamos finalizará na data establecida na resolución de concesión, sen que poida exceder do **30 de novembro de 2027**.



**9 febreiro
2026**

**30 novembro
2027**





INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA

» Más información:

informa@igape.es

900 815 151

Solicitudes: spiga-sede.igape.es

